



### REGULAMENTO DA X RUTA BTT DE OUTES

1.- A X Ruta de BTT de Outes terá a **saída ás 09:30 da mañá do domingo 1 de Outubro** de 2017, dende o **pavillón municipal de Outes** (entrada do campo de fútbol de Outes).

2.- O percorrido será de 45 km ruta longa e 33 ruta curta. O paso polo segundo avituallamento cerrarse sobre as 11:30h segundo estime a organización, que avisará na saída. O que non chegue sobre esta hora deberá facer o percorrido alternativo, ruta curta, (que o levará a meta). **A meta cerrarse sobre as 14:00h**

3.- Na ruta poderán participar os **maiores de 16 anos**. Os menores de 18 anos deberán traer un xustificante asinado polo titor ou titora.

4.- O limite de prazas este ano é de **400 participantes**.

5.- A inscrición poderá realizarse cubrindo un formulario a través do enlace <http://outes.gal/gl/btt-2017>

**A inscrición** ten un coste de 7 euros que deberán ingresarse na seguinte conta con IBAN: ES90 – 2100 -4780 -7102 -0003-1893 De titular **OUTES F.C.** E deberase indicar como concepto: X MARCHA BTT CONCELLO DE OUTES; e deberá figurar o nome e DNI do participante (no caso de non deixar poñer todos estes datos mínimo ten que aparecer o DNI). No caso de que se faga un único ingreso para varios participantes deberá aparecer reflectido o nome e DNI de todos. **Dito ingreso debe enviarse por correo electrónico a [deportes@outes.gal](mailto:deportes@outes.gal) e o xustificante deberase entregar na mesa de dorsais cando se recolla o dorsal.**

**As inscricións quedarán cerradas o xoves 28 de setembro ás 22:00h** no caso de non completarse con anterioridade o número de 400 participantes.

4.- A **recollida de dorsais** e a sinatura de declaración de responsabilidade será no interior do pavillón dende as **08.30 h. ata 15 minutos antes da saída**. Para recoller o dorsal é necesario presentar o DNI.

A persoa que non asista finalmente o evento non se lle devolverán os cartos da inscrición. Rógase que a persoa inscrita que non poida acudir á ruta o notifique con antelación (mínimo 4 días antes) para poder avisar aos de reserva. Se non o fai queda automaticamente excluído para próximas edicións. Teléfono de contacto ou información: 981850748. E-mail: [deportes@outes.es](mailto:deportes@outes.es)

5.- Todo participante deberá levar, de forma obrigatoria e visible, o dorsal. Aquel ciclista que non leve colocado o dorsal de maneira visible será excluído do percorrido por membros da organización. O dorsal é persoal e intransferible.

6.- **É obrigatorio o uso de casco.**



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

- 7.- A organización disporá durante o desenvolvemento do evento de “coche escoba”, apoio da garda civil, policía local e protección civil (que velarán pola seguridade da marcha), unha brigada contra incendios, varios colaboradores que se desprazarán en bicis e motos, servizos de vestiarios e duchas, así como manguera para aclarar as bicis ao rematar.
- 8.- A organización non se fai responsable de extravíos ou avarías que puidesen sufrir as bicicletas ou outro equipamento dos participantes. O participante exime á organización de responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais por calquera circunstancia.
- 9.- Queda prohibido ensuciar ou degradar o itinerario polo que transcorre a ruta.
- 10.- Todo aquel que a organización considere que presenta unha conduta temeraria será automaticamente expulsado da proba.
- 11.- A organización non asumirá ningunha responsabilidade se o evento se suspende ou apraza por causas de forza maior
- 12.- **Dereito á imaxe.** A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza aos organizadores da X Ruta BTT de Outes a utilizar a súa imaxe para a promoción e difusión de dito evento.
- 13.- O mero feito de inscribirse na proba supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra a organización; renunciando a toda acción legal que poida derivarse da súa participación na proba.
- 14.- A organización resérvase o dereito de realizar as modificacións oportunas, cando por algún motivo o estime necesario. E así mesmo resérvase o dereito de admisión